

## A PROL DAS TRADUCCIÓNS

DAVID OTERO

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil

No campo da Literatura Galega arestora claramente mergullada nun proceso de normalización lingüística e cultural, non sobran as reflexións individuais, as cales aportan un anaco de contido para outras posteriores máis xerais a non moi longo prazo precisas. Esta primeira reflexión, sen perde-las referencias globais, vén agora ó caso verbo das traduccións no ámbito da literatura infantil e xuvenil en Galicia. Pois as traduccións, neste momento, sen dicir que non sexan oportunas e necesarias, séntense como unha ofensiva que cumpre variados intereses máis ou menos explicitados e que convén telas na consciencia cara á súa valoración o máis obxectiva posible, pois elas, en Galicia, teñen unha desigual incidencia cualitativa e algunhas ben podían resultar unha caixa de sorpresas, sen que por iso se vexan pantasma en tódolos lugares e en calquera tempo. Quede claro, de principio, que unha lectura en positivo, sempre permite unha mellor valoración para cos nosos intereses e para os da propia riqueza cultural de Galicia.

Se a creatividade na expresión é posible e desexable, tamén esta cualidade pode ser concretada nas traduccións. Todo debe promover a creatividade, a actividade e maila participación do pensamento e niso metemos tamén as traduccións, as cales, sendo en orixinal de fóra, van destinadas intencionalmente ós lectores galegos e en galego. Non se trata xa que logo, en palabras de G. Rodari, de facer dos lectores pasivos consumidores de cultura, e menos, na propia. Calquera espacio ou acción que pretenda establecer consumidores é algo morto, inservible e, polo tanto, desbotable de todas todas. A lectura, e coido que a iso sempre nos diriximos, implica pensamento e xa que logo, como di João dos Santos, hai que abri-los ollos e ver, pois ler polas boas non é facer lectura, pois de facelo así, sería un exercicio pasivo, inútil e que pouco posibilita. Unha vez máis G. Rodari -referíndose a como chegou escribir para nenos e nenas- dinos: "Así naceron os dous primeiros libros

-non nun despacho- antes ben, nun *contexto rico en estímulos, en contacto directo coa realidade, con plena liberdade para a fantasía*".

Isto, na súa esencia de intencións, ben pode aplicárselle ó traductor, a esa persoa que desde a obra allea, pero importante doutra cultura, proporciona a súa lectura na nosa lingua e no contexto da nosa cultura, pois no que se refire ás traducións literais, entendemos que son o grao cero da propia tradución. Non olvidemos que a lectura que fai o traductor e posteriormente o lector, é sempre a *traducción do código do emisor ó código do receptor* e sabemos que na linguaxe verbal converxen e afloran tódolos códigos vixentes dunha cultura. Sempre hai un cruce de códigos no contexto dunha cultura. Como di o profesor arxentino, de raigames galegas, Nestor Otero: "Acentuar un código sobre outro é varia-lo ángulo do lector, así como a súa comprensión final". O traductor terá en conta, moi en conta, a expresión dos contidos culturais vixentes, pois traducir literalmente un texto é un moito suprimirse como traductor, así como o é suprimirse como lector posteriormente.

O traductor debe ser un lector que se le, un transformador de textos e cando traduce, tradúcese, explícase e imaxínase. Pois no dicir de Jakobson: "Para todo suxeito existe unha comunidade da lingua con subcódigos en comunicación. Cada lingua abrangue moitos sistemas simultáneos e cada un, de por si, ten unha función diferente".

O traductor non pode perder de vista o texto orixinal, o seu contexto, nin, así mesmo, o do traducido, tampouco ó autor, nin menos ó lector non estereotipado. O traductor debe ser un grande coñecedor da cultura e da lingua da que traduce e á que traduce. Debe reinventa-lo texto para facerse dono del e así facilitalo, por iso, necesariamente, será un creador, coñecedor de códigos e que implica -segundo a Nestor Otero: "Estar comunicado co seu medio e *integrado nel*, pois só se unifica ou comparte o *significante* e hai que coida-los *significados*". Pois aínda que a lingua, a nosa, é un patrimonio de todos, non todos a empregan da mesma maneira, pois, en positivo, a lingua permite a liberdade do pensamento, os múltiples significados e así, na súa comunicación, aprender dos erros. Por iso, neste argumento, afirmamos que a escola, o instituto, a universidade e máis, deben restituír-lles ás palabras, á lectura, a liberdade que hai tempo lles roubaron.

Afirmamos entón -con relación ás traducións- que estas deberán ser abertas, creativas, sen perderen emporiso as referencias espacio-temporais nas que se instalan os lectores, á fin, para eles son e para eles se fan. Queremos, mellor desexamos, traducións para lectores, que fagan lectores, que axuden ó proceso normalizador e non fagan consumidores polas boas, que xeren hábitos e actitudes, no exerci-

cio do pensamento polo contraste, pola análise e consciencia do que se le pola actividade da propia lectura, e non olvidemos que nas traduccións non só hai linguas A e B, tamén hai culturas A e B, así como outros condicionantes a termos en conta e que inciden, non da mesma maneira quizabes, pero inciden, tanto nos traductores coma nos lectores.

Os traductores coidarán, sempre que lles sexa posible, os léxicos, feitos e situacións coa maior das atencións, coa maior das sensibilidades. Evitando canto máis poidan que as traduccións á lingua galega, nas dúbidas e aclaracións que precisen ou motiven, sexan doadamente explicables e precisadas na nosa lingua, no noso contexto, aínda que sexa con debuxos ou xestos, do contrario, a primeira lingua, a orixinal (no noso caso a inglesa, a castelá ou catalana, e en menor grao a portuguesa e mais a alemana) ben pode dar lugar a fenómenos de excesiva recorrencia (enténdase como superioridade fronte da nosa por aquela aclaralo todo) ou noutros casos, tamén fenómenos de colonialismo e/ou diglosia, e isto hai que evitalo con rigor e tamén con moito cariño ó que se fai e no que se fai (en galego). Por iso mesmo, o traductor deberá perderlles medo ós textos a traducir e xogar con eles na traducción, facelos vivir e significativos na lingua nos que van estar. Non está mal, montar e desmontar textos para descubrírille-los sentidos ocultos e valora-la propia traducción. Por iso, unha vez máis, o traductor ten que ser un fondo lector interesado, pois el fabricará un produto, primeiro ó seu gusto e logo para o lecer dos lectores, sen que olvide que as palabras non son neutras e que teñen vida e historia. O traductor sabio dirá a historia con verdade, con beleza, quizabes coma ningún outro, para que esta historia sexa un obxecto de interpretación comprensiva e posibilite outra verdade, non sempre, claro está, no lector activo. G. Janer Manila, referíndose ó maio do 68, recórdanos: "Olvídate de todo aquilo que aprendiches e ponte a soñar" Non é mala cousa. Se algún traductor o fai, ben pode transforma-la súa obra (a traducción) e proporcionar: orixinalidade á propia expresión, ledicia polo descubrimento continuo, lugar para as iniciativas e invencións, estímulo á acción, e todo isto, na vida plena do lector, e non só, coma moitos, dosificar datos inmóbiles. O traductor (xa coido que deberamos entendelo como profesional a tódolos efectos) será plenamente fiel á lingua na que traduce e da que traduce para que a obra nova, agora noutro contexto, permita unha lectura activa e creativa, imaxinativa. Entendendo por imaxinación o que Vigotski chama: "Capacidade combinatoria para producir novas imaxes e pensamentos baseados nos orixinais e propios ou noutros dos demais ou do mundo. Pois pensamento e sentimento son factores que moven a creación hu-

mana". A traducción -o traductor profesional- axudará a comprende-la realidade, pola obra traducida, e vivi-la dimensión social da propia vida, da propia Cultura.

Non olvidemos -en palabras de Bernardo Atxaga- que: "A lingua (nós dirémo-la galega) non só é minoritaria, tamén o é con problemas de supervivencia, abandonada polos seus e asemade acosada polos grandes que non estiman ós pequenos".